

Biblos achega as novidades editoriais para un verán con libros

**Cristina Pato fala de *Fóra de foco*,
a súa segunda novela**

Biblos

CLUBE DE LECTORES





Hai parecidos coa realidade e non son pura coincidencia. Malia iso, *Fóra de foco* non é unha obra autobiográfica. Música,

escritora, educadora e produtora, Cristina Pato foi aclamada como «unha virtuosa explosión de enerxía» por *The New York Times* e hai cinco anos retirouse dos escenarios como música profesional. A protagonista da novela obsesiónase coa vida e a obra dunha fotógrafa de raíces galegas, Basil Cancela, que no mellor momento da súa carreira dá un golpe de temón e decide retirarse da vida pública, instalarse no anonimato e invisibilizar a súa obra ata o punto de esixir que outros a fagan desaparecer. A novela indaga con profusión na relación non sempre pacífica entre o individuo e a súa maneira de gañar a vida, no dereito a desaparecer, na saúde mental, na responsabilidade de cargar coa culpa do que fixeron os antepasados, nos coidados, nas rutinas do voluntariado, e en como o rol feminino implica a miúdo tragar as feridas con orgullo para sufrir en silencio. Faino a través dun fato de personaxes que se fan preguntas e outros que non queren saber delas, coa cidade de Nova York e o West Side elevados a categoría principal e concedendo un papel relevante ao mundo da emigración.



Cristina Pato estrea unha obra de ficción que presta moitas cousas da miña vida e do

Na actualidade, a vida profesional de Cristina Pato está centrada na exploración do rol das artes na sociedade a través da docencia e da produción. Traballou como artista en residencia na Universidade de Nova York (NYU), na Universidade de Harvard e na Universidade de California, Santa Barbara. Ademais de colaborar durante quince anos co *Silkroad Project*, a organización fundada polo violonchelista Yo-Yo Ma. En 2022 publicou a súa primeira novela, *No día do seu enterro*.

— **Unha fotógrafa que se retira da vida pública «para intentar construír unha vida con sentido»; unha xornalista que decide marchar a Nova York para atoparse a si mesma ao diluírse na cidade e comparte os seus anos de madurez cun fotógrafo. Hai demasiadas coincidencias coa súa propia traxectoria como para non preguntar ata onde chega o seu autorretrato nesta segunda novela súa.**

— Comparto coas dúas protagonistas a paisaxe humana e urbana do West Village de Nova York, comparto a idade na que comezan a cuestionar os camiños que escolleron, e comparto tamén moitas das preguntas que se fan. Pero esta é unha novela de ficción, que to-

ma prestadas moitas cousas da vida dos que me rodean e da miña, pero é unha obra de ficción.

— **A día de hoxe divide o seu tempo entre Nova York e Galicia. Cal foi ao comezo a súa relación coa cidade?**

— Marchei hai máis de vinte anos a estudar, e pouco a pouco fun facendo do West Village de Nova York a miña casa. Tiven a sorte de aterrizar nun barrio fascinante, cheo de historia, e de dar cunha serie de artistas que me abriron as portas ao mundo.

— **Na novela concede un papel principal á propia cidade. Fálase de NY como o centro da humanidade, «onde todas as formas de estar non mundo teñen cabida». Séntese en débeda ou é unha maneira literaria de explorala?**

— Quizais Nova York sexa o lugar do mundo onde máis tempo pasei. Pois marchei a vivir á cidade con 23 anos, e vou cumprir 45... É un lugar complexo e fascinante, onde sempre sentín que unha podía ser varias cousas á vez, sen que houbera nada malo niso. Tamén é un lugar onde, dalgún xeito, todos vimos doutro lugar, e esa intersección entre culturas e persoas sempre me fai sentir agradecemento, pois obrígame

a estar constantemente aprendendo. Se cadra esta sexa tamén unha pequena carta de amor a este barrio desta cidade, pois a cidade en si é un universo...

— **Pero tamén hai unha crítica aos cambios experimentados nos últimos anos. «Polo menos o Sevilla (restaurante rexentado por galegos) segue sendo noso», clama un dos personaxes cando se laia de que a cidade mudou ata o punto de sentir nostalgia «pola vida que existía aquí antes de que todo o mundo subise ao carro da hipocrísia, ao carro do luxo da falsa bohemia»**

— Coido que isto é un problema global, e que en cidades nas que o turismo está tan presente, o problema faise máis tanxible, pero a realidade é que eses cambios que experimentamos nestes últimos anos, especialmente desde a pandemia, fan que unha se cuestione constantemente cara a onde imos coma sociedade, e que camiño estamos a escoller con respecto á realidade que vivimos, e a realidade paralela que imaxinamos.

— **Terá vostede unha opinión moi meditada sobre a política contra os inmigrantes do actual presidente dos Estados Unidos.**

— Vivimos en tempos tan complexos e convulsos que unha non atopa as palabras para expresar a dor e a profundidade do que sente...

— **Outra personaxe di que Basil Cancela é a nova Diane Arbus. Aínda así, na correspondencia que a fotógrafa envía ao seu amigo Charles Corberino desvela o seu desexo de «asasinar a vida e a obra de Basil Cancela, o meu alter ego», para dar espazo á muller que pide que a deixen estar. Que quería amosar ao botar man destes dous extremos?**

— A obra fotográfica de Diane Arbus sempre me inspirou moito, pois foi unha artista cunha ollada moi interesante con respecto ao mundo que a rodeaba. A personaxe de Basil Cancela toma prestado moito dela, pero a diferenza de Arbus, que se suicidou no 1971, Cancela decide «asasinar» a súa propia obra para ver se así é capaz de atopar unha vida con sentido... A liña entre a vida e o traballo nas profesións artísticas é tan fina que ás veces é imposible non cruzala, estás constantemente navegando entre o público e o privado, entre os procesos artísticos e vitais, e nesta novela quería amosar as miñas cuestións sobre o que pode pasar cando unha persoa toma unha decisión tan complexa que

A Portada

Denís Galocha tráenos para este verán unha imaxe de substancia íntima. Que estará a ver o humano? Que estará a lembrar ese can en repouso? E a lancha varada, lembrará tempos mellores ou pensará en cortar ese mar intenso?



Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440



Foto: Xan Padrón

que «toma os que me rodean»

a leva a cuestionar absolutamente todos os piares da súa vida.

— **Hai algunha intención de render contas co seu pasado como música profesional?**

— Esta novela nace das preguntas que xurdiron na miña cabeza cando hai cinco anos me retirei dos escenarios. E aínda que comparto coas protagonistas moitas das reflexións e dos movementos vitais, non naceu coa intención de render contas, senón coa intención de reflexionar sobre o ritmo da vida moderna e sobre as circunstancias que nos levan a tomar decisións que nos van guiando por camiños que non sempre escollemos.

— **Explora ao longo de toda a obra a dicotomía entre o público e o privado. O dereito á privacidade está en horas baixas entre a xente do común e máis aínda entre as persoas que por algún motivo acadaron unha transcendencia pública. Reivindica vostede ese espazo?**

— Quizais cuestiono máis que reivindicoo ese espazo entre o público e o privado. Pois hoxe en día a meirande parte de nós temos algún tipo de vida pública a través das redes sociais, aínda que non nos dediquemos a profesións que o requiran. Sen decatarnos creamos unha vida paralela á nosa que proxecta esoutra idea do que sentimos que somos (ou que queremos ser), e nesa intersección, ás veces, tendemos a perdernos... Tamén reflexiono sobre o dereito

á privacidade (e ao esquecemento) das persoas públicas, pois cando deixa o privado de ser propio?

— **Como columnista, no ano 2015 comezou a súa andaina cun artigo quincenal no xornal *El Correo Gallego*, e desde o 2017 escribe unha popular columna semanal para a contraportada de *La Voz de Galicia* titulada *A arte da inqueda* pola que gañou o XVII Premio Afundación de Periodismo Fernández del Riego. Chisca vostede o ollo ao exercicio pausado da profesión xornalística cando di que Marieta Carracedo «é das que preguntan coa mirada, das que escoitan sen présa»?**

— As miñas columnas son coma pequenas reflexións públicas sobre as miñas inquedanzas, e aínda que non me considero xornalista, si que sentín sempre fascinación por todos aqueles xornalistas de vocación que atopan o xeito de preguntar algo sen sequera preguntalo... dos que «escoitan sen présa».

— **Amais de no título, na novela hai múltiples referencias ao mundo da fotografía. Cal é a intencionalidade?**

— Coido que a fotografía é unha metáfora de moitos dos temas que aborda a novela. Sobre como un instante captado no tempo pode converterse na definición das nosas vidas, ou na definición da nosa historia. A miña paixón pola fotografía vén por moitas vías, entre elas o feito de que o

meu compañeiro de vida, Xan Padrón, sexa fotógrafo de rúa.

— **A través das personaxes explora o tema da culpa e o autoodio. Cancela chega a dicir que «debería perdoarme a min mesma polo que sexa que sinto que debo perdoarme». Non é doado vivir así, pero sen embargo é este un razoamento frecuente. É a culpa un arma política e social?**

— Non sei se son capaz de responder a esta pregunta dun xeito coherente. A culpa é un termo complexo, que dependendo do contexto podería ter moitas e moi diferentes definicións. Na novela, a culpa amósase coma algo sen forma, sen estar relacionada cun feito concreto acaba acaparando moitos dos pensamentos das protagonistas, e lévanos a reflexionar sobre que é o que nos conduce a sentir ese «constante desasosego»....

— **Que pode confiarnos do deseño da estrutura da novela?**

— A novela está dividida en catro partes nas que se intercalan dous álbums de retratos-relatos das dúas protagonistas. Decidín utilizar nomes de procesos fotográficos para as partes porque a fotografía é o fio condutor desta obra, pero tamén porque servían de metáfora dos procesos que estaba a vivir Marieta. E con respecto aos álbums, para min son un reflexo do complexo que é definir a unha persoa a partir da opinión de outra... coma na fotografía,

que acabamos construíndo unha historia a través dunha imaxe que representa menos dun segundo, estes retratos-relatos serven de calidoscopio das protagonistas.

— **Comeza cunha unha voz narradora principal, pero parece evidente que había unha intención decidida de deixar falar por si a moitas das personaxes.**

— Si, e precisamente esta resposta podería estar enlazada coa anterior, pois quería amosar os moitos xeitos que temos de entender as decisións e os camiños dos outros. Segundo as nosas circunstancias teremos unha versión ou outra desa vida que se nos presenta, que se nos narra, e que acabamos xulgando, ás veces sen decatarnos.

— **Compositora, gaiteira, pianista, escritora, columnista, docente e produtora. Hai algunha destas facetas que predomine sobre as outras ou tampouco é preciso que a haxa?**

— Hai algúns anos que me retirei dos escenarios e por razóns que aínda non son capaz de entender deixei de desfrutar da música do mesmo xeito. Hoxe en día a docencia, a escrita e a produción ocupan a miña vida profesional, do mesmo xeito que antes a ocupaba a música...

— **Que queda en vostede daquela moza de pelo verde que tiña nas fotos unha ollada de firmeza e certa rebeldía?**

— Quizais a curiosidade e a paixón por aprender sigan aí do mesmo xeito que cando hai 26 anos saíu o meu primeiro disco en solitario. A ollada de firmeza herdeina da miña nai... E a «certa rebeldía» segue aí, pero doutro xeito... Ás veces penso que neste proceso de crecer e facerse vella aprendín a ter máis preguntas que respostas, e quizais esa sexa a maior diferenza entre a Cristina de 44 anos e a dos 18.



Fóra de foco

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 518 páxinas

ISBN: 978-84-1176-464-3

16,43 €

No día do seu enterro

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 446 páxinas

ISBN: 978-84-9151-832-7

15,20 €

Nerea Pallarés





Foto: Isabel Wagemann

PREMIO GARCÍA
BARROS 2025



Punto de araña

Chamada por ese espírito do mar bravo e do vento que peta na porta de todas as casas, Ari chega a Camariñas para encargarse do museo de encaixe e exercer como guía turística, sen saber aínda que as mulleres da localidade tomaron unha decisión que está a piques de mudalo todo. Fartas do egoísmo dos homes anfibios e ausentes, donos das decisións e dos cartos, e de sosteren a voz de todos sen que teñan elas voz propia, as palilleiras —tamén redeiras, mariscadoras e traballadoras da conserveira— acordan chamar polas arañas. Tres mulleres temibles, donas do océano e do encaixe, que conforman un goberno doutra orde ao que cómpre obedecer. *Punto de araña* é unha novela mariñeira e coral, batida pola espuma das ondas que petan contra as rochas e tecida coas voces de tres xeracións de mulleres que se rebelan. Unha loá ás que tecen as redes invisibles que nos sosteñen; ás mans que, en silencio, entrelazan o mundo e ás mans das amigas, rede de redes.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-1176-469-8

16,05 €

Fernando Castro Paredes



PREMIO GALAXIA DE
NOVELA 75 ANOS

O lanzador de coiteiros

Un sicario é contratado para raptar unha figura prominente das letras, un poeta húngaro emigrado a París. A operación terá un xiro inesperado e ambos os dous protagonistas acabarán confrontados co seu pasado. *O lanzador de coiteiros* é unha novela que parte dos códigos do thriller máis clásico para transcender o xénero cunha estrutura sofisticada e sedutora. A trama permitirá expoñer con eficacia un mundo de personaxes de identidades duplicadas e antagónicas. Unha obra que fala sobre a liberdade e a memoria, sobre o fracaso e a corrupción humanas e, tamén, sobre esa busca que emprendemos para descubrir quen verdadeiramente é cada quen: vítima ou verdugo.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 352 páxinas


ISBN: 978-84-1176-474-2

21,47 €

Xavier Queipo



Foto: Distrito Xermar



XAVIER QUEIPO
66

66

Xavier Queipo, un dos narradores galegos que máis se ten prodigado na narrativa breve, celebra o seu 66 aniversario con esta colección de sesenta e seis relatos breves, aos que engade un limiar esclarecedor. A primeira parte do libro, «Relatos atópicos», recolle contos no sentido estrito, aínda que con sorpresas; «Gabinete de curiosidades» fai lembrar as prosas das súas entregas anteriores («Contornos», de 1993, e «Mundiños», de 1995); «Prosas finiseculares» é unha colección de fragmentos do seu diario na última década do século XX. Como xa acontecera en 55 (Xerais, 2014), este libro conforma un crisol de historias que pasean polo gume entre a realidade e a ficción, con moitas referencias eruditas e tamén con lembranzas de vidas que xa sucederon ou que aínda poderán suceder.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 344 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-696-2

20,42 €

VV AA

A garza alucinada

Reúne os nove relatos gañadores das edicións correspondentes a 2022, 2023 e 2024 do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía de Arteixo. Fíxéronse co primeiro premio Ignacio Silva, con «O rubor da dignidade»; Roberto Rodríguez González, autor de «Sinfonía a 3 voces sobre unha cidade a tumba aberta», e Antía Yáñez, premiada na edición do ano pasado con «As regras».

Alvarellos Rústica
12 x 19 cm 222 páxinas

ISBN: 978-84-18567-78-0

17,57 €

Pedro Feijoo

Onde nacen as bestas

Entre o lume do val e as néboas da serra, algo se revolve nas entrañas da Galicia máis feroz e descarnada. Unha serie atroz de asasinatos esperará a memoria dun nome perdido no tempo e, como nun segredo, un temor comezará a repetirse nos rumores: «Volveu o Sacaúntos...». Un thriller apaixonante que explora os recunchos máis escuros da natureza humana.

Xerais Rústica
15 x 23 cm 536 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-685-6

22,32 €

Xavier Queipo

Tamarindo

Arquipélago de St. Kitts e Nevis. Un home recupera a liberdade xusto no momento no que a súa memoria empeza a esclarecer que foi del nos últimos anos. Unha treboada está a piques de azoutar as illas e a súa vida. Xavier Queipo recupera un personaxe das súas obras *Malaria sentimental* e *Os kowa* nunha obra sobre a amizade e a traizón. «Unha trama envolvente e fascinante», dixo de *Tamarindo* o xurado do Premio Vilar Ponte.

Aira Rústica
13 x 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-129879-6-6

17,10 €



VI PREMIO DE NOVELA
VILAR PONTE 2024 DO
CONCELLO DE VIVEIRO


PEDRO FEIJOO
ONDE NACEN AS BESTAS

CERTAME DE NARRACIÓNS
BREVES MANUEL
MURGUÍA 2022-2024

Agustín Agra



Foto: María Esteirán



O trebón do norte

Corre o ano de 1066, co paso da estrela Cometa a ensenar-se do ceo. O drakkar *Cabalo das Ondas* foxe do río de sangue que abrolla tras a batalla de Stamford Bridge e desembarca no convulso reino de Galicia. Os navegantes que o pilotan carrexan sobre as costas con trinta anos de combates na compañía de Harald Hardrada o último rei viquingo de Noruega. Tras a derrota que o expulsou do seu país, Harald, o Desapiadado, loita como mercenario a prol do gran príncipe de Kiiv, Iaroslav o Sabio, e comanda durante anos a garda varega, o corpo de elite do Imperio bizantino.

Toxosoutos Rústica 13 x 20 cm 98 páxinas

ISBN: 979-13-990202-2-9

14 €

Samuel L. París Pifostio

«Orixinalidade narrativa e temática en estado puro», di desta obra con rotundidade a editora. «O fráxil, o indómito, a violencia, a poesía, o delirio, a forma, o entusiasmo, a agonía, o futuro, a decepción, o inesperado e o cotián. Sesenta e un artefactos con xente atrapada, fantasía de andar pola casa, profesionais que fan o que poden, crueldade, ciencia ficción doméstica, mordacidade, dor e humor (...) É o *Pifostio*». Samuel L. París (Muros, 1984) é escritor, poeta e músico. Na actualidade dirixe e presenta o programa sobre poesía *A Catapulta*, en colaboración co *Salto Galiza*. Foi baixista da Terbutalina desde a súa formación ata 2017, banda

coa que publicou sete traballos discográficos e coa que actuou en centos de concertos. Durante un ano tamén foi baixista en Thee Blind Crows, cos que publicou tres discos.

coas que publicou sete traballos discográficos e coa que actuou en centos de concertos. Durante un ano tamén foi baixista en Thee Blind Crows, cos que publicou tres discos.


Xerais Rústica

15,5 x 23 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-686-3

16,62 €

Francisco Castro



Eva tomando o sol

Un famoso escritor retírase ao rural galego coa idea de rematar ali os seus días. O que non espera é que o amor, en toda a súa intensidade, co seu sexo desbordante, se lle apareza. Ao seu espírito e ao seu corpo. Unha novela que tamén se interroga sobre o sentido da literatura, dos libros e, no fondo, da vida, onde Francisco Castro fala de amor e de sexo na vellez. Porque a paixón e o desexo nada teñen que ver coa idade.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-1176-465-0

15,96 €

Diego Giráldez As obras póstumas

Logo de saber que padece unha demencia agresiva, a escritora Pilar Fonte recibe a encarga de escribir unha obra póstuma. Con moitas dificultades, dita a unha amiga que a acompaña algunhas pasaxes da súa vida e, sobre todo, a súa particular relación co centro psiquiátrico San Simeón, que contemplou dende pequena asomada á ventá do seu cuarto. Mais o vínculo de Pilar co centro non é de simple veciñanza, senón que vai moito máis lonxe. Nin ela mesma imaxinou que a conexión coas persoas que o habitan chegaría a ser tan poderosa. Entre o realismo máxico e a dúbida constante de canto é froito da memoria, Diego Gi-

ráldez guía a través dun relato cargado de sensibilidade pero tamén de frescura.


Xerais Rústica

15,5 x 23 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1110-693-1

16,10 €

Amalia Blanco Pose



Cando marchan as luces

Afonda na fragilidade de existir, na loita invisible entre a mente e o corpo, nunha espiral de ecos que non calan. Lúa, unha rapaza de 16 anos nada en Barcelona, sofre de depresión tras a morte do seu pai. A súa vida convértese nun labirinto de ausencias onde cada lembranza pesa como unha ferida aberta. Entre o baleiro e a esperanza, entre o medo e a resistencia, a protagonista busca un equilibrio imposible, un significado que sempre logra fuxir do entendemento. A historia entrelaza as reflexións de Lúa coa mirada das súas amizades e familiares, que actúan como testemuñas do seu descenso e loita contra a doenza.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 130 páxinas

ISBN: 978-84-1176-411-7

15,58 €

Antonio M. Fraga Askja

Unha historia de amor que demostra como as cicatrices sandan máis facilmente cando se comparten. Ana viaxa polo leste de Islandia con Xurxo, a súa parella, cando a erupción do volcán Askja pon en pausa a súa vida. Confinada nunha casa de hóspedes mentres agarda a evacuación, o tempo parece dilatarse e a atmosfera faise cada vez máis irreal. Ana aproveita a paréntese para rememorar varios episodios cos homes da súa vida e decidir se realmente está namorada de Xurxo. Porén, todo cambia cando Karen, unha das hospedadas, decide compartir con Ana a existencia dun cuarto secreto ategado de caixas

de música. Dende ese momento orixínase entre elas un xogo de sedución a través da palabra e crean unha burbulla íntima na que trocan ciza por desexo, abafa por ilusión.

de música. Dende ese momento orixínase entre elas un xogo de sedución a través da palabra e crean unha burbulla íntima na que trocan ciza por desexo, abafa por ilusión.


Xerais Rústica

15,5 x 23 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-1110-695-5

16,62 €

MARILAR ALEIXANDRE


AS BOCAS COSIDAS
Marilar Aleixandre
As bocas cosidas

Xaneiro de 2010. O pai da autora conta que lle pediron salvia para identificar un seu curmán, soterrado nunha fosa común en Valencia. Guerrilleiro comunista, morto en 1947. Nunca lles falaran del; descoñecían a súa existencia. Sobre a guerra, as bocas estaban cosidas. A partir destes silencios, a novela reconstrúe a vida de Antonio G., «desbridando a cicatriz», a través da documentación e mediante a imaxinación, desde a adolescencia en Doña Mencía (Córdoba), á participación nos Fillos da Noite —partisanos entre 1936 e 1939—, aos campos de concentración e á guerra despois da guerra. As feridas herdadas entretécense coas colectivas, as penurias dos xornaleiros, a fame, a represión. O lirismo contido na prosa de Marilar Aleixandre ten a capacidade de dar voz aos ecos do pasado, nunha atmosfera impregnada do peso do silencio e da memoria.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 340 páxinas

ISBN: 978-84-1176-416-2

22,23 €



Relato curto
Compostela

Un paseo literario por Compostela da man de autoras e autores contemporáneos. «A arte de escribir consiste en dicir moito con poucas palabras», afirmaba Chéjov, o pai do conto moderno. Un reto para quen crea e unha aventura para quen le. Estes vinte e dous relatos achegan a cidade dende diversas voces e olladas, mais tamén foxen dela a arrabaldes de grandes urbes, a vilas pequenas ou a barrios con encanto. Son de voces consagradas no xénero e doutras que se inician, xeracións diferentes que dialogan nunha mesma lingua na que constrúen historias enraizadas. Cada conto é mostra do gran momento literario do país, estas páxinas son un remuíño de bolboretas mergulladas na mesma luz, a da literatura galega.

Xerais Rústica 15,5 x 22,5 cm 384 Páxinas

ISBN: 978-84-1110-697-9

19,90 €



Rosa Suárez Redondo
A miña vida noutro lugar

Narra a vida íntima dunha muller que valora o alleo sempre por riba do propio. O elenco de personaxes é amplo: unha nai omnipresente; unha vidente chicana; un mozo indio; un compañeiro de vida francés; un amante vasco; un vello veciño navegante; un par de amigas ao outro lado do Atlántico... Amor, soidade e identidade impregnan estas páxinas.

Toxosoutos Rústica 13 x 20 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-128497-5-2

13 €



Nacho Taibo
Levitación, nivel iniciación

É a historia, en boa parte verdadeira, de Ákira, un diplomático xaponés que chega a España ao pouco de acabar a Guerra Civil. Na súa inopinada conversión ao catolicismo coñece unha familia coruñesa que o anima a visitar Galicia. Descubre que ali levita e para el será a Terra da Felicidade. No marco das viaxes e dun tristeiro Madrid en ruínas, abrolla un tenue amor entre Ákira e Isaura, filla daqueles galegos. No medio interponse, acaparador, Cholo, irmán da rapaza, un falangista convencido, aproveitado, chupón e lacazán, tan xermanófilo como para seguir ao minuto a visita do xerarca nazi Himmler.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-8487-717-2

14,95 €


VV AA
Microrrelatos

O presente volume reúne os textos gañadores da V e VI edición do Certame de Microrrelatos Día do Libro, organizado polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ en 2023 e 2024. Son en total dezasete composicións, pertencentes a tres categorías: Infantil, Xuvenil e Persoas adultas.

Alvarellos Rústica 14 x 21 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-77-3

12,50 €



Xosé Cermeño
Vantaxes e inconvenientes de case todo

«Libro de prosas breves escrito para persoas escépticas e perplexas. E non só para elas. Son benvindos a estas páxinas amantes da lectura a quen lles guste ir peteirando un pouco de aquí e un pouco de acolá, deixándose levar e sorprender», tal e como o presenta a editora. Libros, cidades, cociñas, xentes ilustres, persoas anónimas, paisaxes, barcos e tamén do papel da escritura serven para apresar fragmentos da vida e observalos ao trasluz. Xosé Cermeño faino con humor e cun xeito moi persoal de sospeitar que case nada pasou como o contaron.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1176-396-7

15,20 €


Eva Moreda
Hortensias, camelias, palmeiras

Teresa é unha adolescente de Lucían, o trasunto literario dunha vila calquera no norte de Galicia. É boa alumna e forma parte do coro da escola de música local. Cun estilo envolvente e magnético, Eva Moreda tece unha biografía colectiva dun tempo recente, pero xa pasado, que se evoca con elegancia e firme pulso literario.

Aira Rústica 13 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-129879-1-1

17,10 €




Carmen Alcañiz Lorenzo Morte en Kingston Road

Anos despois da morte da súa única irmá, Susan Clark segue tentando soportar a perda o mellor que pode. Ás portas dos corenta, Susan está estancada nun traballo que detesta. Desencantado co seu traballo, o detective Mike Solano está a piques de deixar o posto na comisaría de Thames Valley. Os seus compañeiros critican a súa falta de carácter, polo que antes do seu traslado a unha pequena cidade no sur do país quere demostrarlles a todos, e a si mesmo, que segue sendo o brillante detective de outrora. Para iso, propónse resolver un caso que lle anda pola cabeza dende hai tempo: a morte da doutora Ruth Webber. Solano está convencido de que o que se considerou un suicidio non foi tal e, para tratar de probalo, decide contactar con Susan Clark.

Baía Rústica 14 x 21 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-9995-463-9

19,95 €




Vítor Vaqueiro Ensaaios sobre o efémero

Relatos marcados pola concisión e o intento de síntese, estruturados en tres agrupamentos –«Anaís», «Biografías», «Relatorios»– que percorren unha ampla singradura ao longo da Historia. Protagonizados por personaxes ficticios e reais de variadas culturas, desde a Antigüidade clásica ata operarios da Terra Chá; de construtores de pontes sobre o East River a almirantas como Isabel Barreto, mitoloxías bíblicas, enganados e celadas. Consideracións sobre a idea de Infinito ou de Dobre.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 174 páxinas

ISBN: 978-84-1176-466-7

17,10 €




Bieito Iglesias O nariz de Cirano e outros nobelos

Neste libro de relatos, Bieito Iglesias fai un percorrido a medias nostálxico a medias irónico por varios dos grandes temas presentes de sempre na súa literatura: a pegada da doenza e mais da infancia, a lembranza dos seres queridos e o final do mundo tradicional, entre outros. Gran variedade de personaxes e atmosferas onde conviven o sentido do humor e moita música italiana.

Aira Rústica 13 x 21 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-129879-9-7

17,10 €




Agustín Agra O libro das contrarias

Sofía, unha prestixiosa fotógrafa, internábase nun agreste parque nacional de Suecia onde só é posible subsistir durante o estío. McClunasey, investigadora sobre o papel das mulleres na ciencia, avisa a Fátima da desaparición da amiga de ambas. Pretende que dean con ela baseándose nunhas indicacións ocultas nos libros e poemas que, con tal finalidade, Sofía deixou á mantenta. Fátima, ornitóloga na universidade de Cornell, rexeita participar na busca por considerar imposible a súa localización. Porén, a mensaxe da antiga amante impúlsaa a viaxar ata Lisboa. Ali visita unha exposición fotográfica en cuxas imaxes cre reconecer a Sofía.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-671-9

16,10 €



Alberto González-Garcés Somos o que imaxinamos

Somos o que imaxinamos

Corenta e dous relatos curtos, algúns baseados en experiencias vividas namentres que outros son pura ficción. Alberto González-Garcés narra con curiosidade e sorpresa a lendaria fundación de Muros por parte de Ulises; escribe sobre os peixes que comía Xesús de Nazaret segundo os Evanxeos e tamén sobre os que aparecen no Quixote; o paso de Federico García Lorca por Galicia; o canto do cuco en Kioto, os seus paseos persoais por Iguazú, Asunción, as cataratas do Niágara e por espazos máis próximos tales como San Vicente do Mar, Ons, Santa Cruz e o río Verdugo. Reflexiona con pausada esperanza para concluír que «así é a vida, somos o que imaxinamos».

Medulia Rústica
14 x 21 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-10324-55-8

17 €




Pedro Incio Opera Omnia

Contos que manteñen como fio condutor a figura da nai. Unha muller traballadora que recorreu desde a súa infancia na máis profunda posguerra ata os novos tempos da democracia; sempre sen deixar de traballar, de coidar ao seu home e aos seus fillos. Este conxunto de relatos pretende ser unha recuperación dun mundo que xa non existe; de algo que desapareceu nos últimos tempos. Dende a mar ao ceo, cun comezo nunha ría e un remate no paraíso, alomenos un tipo de paraíso. Unha viaxe dende a vila eumesa á Coruña por unha banda e a Ferrol por outra, pero tamén recorridos máis alá, ata a fronteira entre Lugo e Ourense. Son as historias dun cativo que creceu nas montañas do Sur de Lugo e tamén na ría de Pontedeume.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10324-66-4

14,16 €



María Besteiros e Bea Gregores Penélope tece


Penélope tece e lembra. E os fios do seu recordo contan unha historia onde a nostalxia e a beleza constrúen un tapiz cheo de cor. María Besteiros toma o mito homérico como punto de partida para compor un poema ilustrado por Bea Gregores. Unha celebración literaria do amor e da resistencia.

Aira Cartonado
17 x 24 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-129879-8-0

16,15 €


TEATRO



Óscar Wilde A importancia de chamarse Ernesto

Unha das comedias máis celebradas e representadas dun dos escritores ingleses máis populares do século XIX. Esta obra tiña en principio catro actos, pero un famoso actor que ía facer un dos papeis principais pediu a Wilde que a fixese algo máis breve, demanda á que este accedeu. Quedou reducida a tres actos e así foi publicada e posta en escena. O texto primitivo non foi coñecido ata 1948, cando un fillo de Wilde fixo chegar o manuscrito a unha editorial que quería publicar as obras completas. A versión que aquí se presenta é traducida por Ricardo Moreno Castillo é a abreviada.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 212 páxinas
ISBN: 978-84-10324-56-5
17 €



Mikhaíl Bulgákov Corazón de can

Un dos textos máis valiosos e corrosivos da literatura rusa do século XX. A historia desenvólvese en Moscova, onde o profesor Filip Filippovich Preobrazhenski, cirurxián especializado en técnicas de rexuvenecemento, experimenta coa implantación das gónadas e o cerebro dun delincente no corpo dun can sen dono. Contra todo prognóstico, o animal sobrevive e evoluciona, convertido nun suxeito grotesco que responde ao nome de Poligraf Poligráfovich. En clave satírica, a novela retrata a tensión entre a ciencia e a ética, entre a orde natural e a experimentación social, e entre o individuo culto e a brutana masa. Traducida do ruso por Rosa Murias e María Tolstaia.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 152 páxinas
ISBN: 979-13-990150-2-7
15,20 €



E. T. A. Hoffmann O caldeiro de ouro

Publicada orixinalmente en 1814 e titulada «Un conto de fadas moderno», O caldeiro de ouro é probablemente a novela curta máis celebrada do gran mestre alemán da fantasía romántica E. T. A. Hoffmann, quen se serve da ironía e dun humor un tanto críptico para, en doce episodios intencionadamente denominados «vixilias», condensar o seu rico universo máxico. O protagonista da historia é o estudante Anselmus, quen vive nunha cotiandade bastante absurda na que rara vez o acompaña a sorte e na que de súpeto irrompe o marabilloso. Así, certo día, ao sentir a voz cristalina de Serpentina, unha criatura sobrenatural, vese atraído por un insólito mundo que o interpela e o convida a viaxar dende Dresden até o descoñecido. Traducido do alemán por Jairo Dorado Cadilla.


Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 124 páxinas
ISBN: 979-13-990150-1-0
15 €



Mohamed Mbougar Sarr A máis recóndita memoria dos homes

Diégane Latyr Faye, escritor senegalés emigrado en París, descobre o mítico libro *O labirinto do inhumano*, publicado no 1938, que convertera nun maldito o seu autor, T. C. Eli-mane, polas acusacións de plaxio. Fascinado por el, Faye pescuda o seu rastro a través dos relatos das persoas que o coñeceron e o amaron. Esta novela lese como un policial literario, unha viaxe de Francia a Arxentina; de Ámsterdam ao Senegal, mais tamén como un canto ao poder das letras para cambiar as vidas e estíñar a dor. Como unha profunda reflexión sobre a relación entre as culturas africanas e a Europa que as colonizou. En tradución de María Alonso Seisdedos.


Aira Rústica
13 x 21 cm 432 páxinas
ISBN: 979-13-990546-2-0
21,75 €



Nathanael West A señorita Corazóns Solitarios

A señorita Corazóns Solitarios é o pseudónimo dun xornalista que mantén un consultorio sentimental nun diario de Nova York. A súa sección é unha manobra para vender máis exemplares. Tras varios meses respondendo cartas con torpes palabras de esperanza, a farsa escapa do seu control. Decátase de que as confesións dos lectores son humildes expresións dun sufrimento verdadeiro que reclaman consello moral e espiritual, e vese na obriga de examinar os valores polos que se rexe. Ambientada na época da Gran Depresión, esta é unha novela cargada de ironía e humor negro, cunha estrutura impecable, de admirable economía verbal. Traducida do inglés por Ignacio Chao.


Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 124 páxinas
ISBN: 979-13-990150-0-3
15 €



Tove Jansson A honrada estafadora

Anna Aemelin, afamada ilustradora de libros infantís, vive illada do mundo nunha ampla e solitaria casa de campo. Pero a súa vida cambia coa chegada de Katri Kling, unha moza seria, intelixente e implacable que se fai acompañar dun imponente pastor alemán. A relación entre as dúas mulleres dará pé a un xogo sutil no que non sempre queda claro onde acaba a axuda e principia o interese. Publicada orixinalmente en 1982, esta novela de marcado cariz psicolóxico explora non só a cuestión de honradez, senón tamén temas de calado como a construción da identidade, a relevancia do diñeiro ou a necesidade de compañía. Traducida do sueco por Marta Dahlgren.


Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-128075-9-2
15 €



Anne Brontë A inquilina de Wildfell Hall

A mansión de Wildfell Hall recibe unha nova inquilina, unha misteriosa muller chamada Helen Graham, acompañada polo seu fillo pequeno. A chegada desta habitante desata todo tipo de rumores entre a veciñanza. Grazas ás páxinas do seu diario, que chega ás mans do seu namorado, Gilbert Markham, coñecerase o pasado turbulento do que fuxiu a protagonista. Presentada a miúdo como unha historia de amor e redención e precedente da literatura feminista, a segunda e última novela de Anne Brontë brilla polo seu retrato de personaxes e pola súa calidade literaria, pero tamén por poñer en entredito as estruturas sociais que impedían a independencia económica das mulleres. Traducida por Moisés Barcia.


Rinoceronte Rústica
16 x 22 cm 468 páxinas
ISBN: 978-84-19795-78-6
20,90 €



Henry James Washington Square

Washington Square publicouse por primeira vez por entregas na revista inglesa Cornhill (xullo-novembro de 1880) e como novela en decembro dese mesmo ano. A obra, protagonizada por unha «fea e parva» Catherine (en palabras da protagonista), afonda nas relacións familiares dunha rica vinculeira cando o atractivo Morris Townsend pousa os seus ollos nela con intencións matrimoniais. O doutor Sloper, epitome do concepto de patriarcado, intenta protexela nun precario equilibrio entre o amor paterno-filial e a misoxinia. Con todo, a «vulgar» e «pouco interesante» Catherine é quen de erguerse, entre todas as demais personaxes, nun case heroico acto de rebeldía feminina disposta a pagar un alto prezo pola súa liberdade e por salvagardar a dignidade.

Galaxia Rústica
15 x 22 cm 236 páxinas
ISBN: 978-84-1176-405-6
19,47 €




Chimamanda Ngozi Adichie

Medio sol amarelo

Ambientada nun momento clave da historia contemporánea africana: o da loita de Biafra por conseguir a independencia de Nixeria, a finais da década de 1960, e a guerra civil a que deu lugar. Este conflito cambiará a vida de Olanna, que abandona a comodidade da capital nixeriana para vivir nunha cidade pequena e poeirenta con Odenigbo, profesor universitario de ideas revolucionarias, e co seu servente Ugwu. Kainene, irmá xemelga de Olanna, é unha muller máis práctica e menos idealista, pero a guerra tamén afectará a súa vida e a de Richard, o seu prometido inglés. Traducido ao galego por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
16 x 22 cm 484 páxinas

ISBN: 978-84-19795-87-8
21,85 €



Max Porter

O loito é esa cousa con plumas

Nun piso de Londres dous nenos enfróntanse á insoportable tristeza pola morte repentina da súa nai. O seu pai, un sentimental experto na obra de Ted Hughes, imaxina un futuro baleiro. Neste momento de desesperación, visitaos o Corvo (antagonista, trapalleiro, curandeiro e neneiro), que ameaza con quedar nesta familia ata que xa non o necesiten. A tradución é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-19795-89-2
16,15 €



William Kotzwinkle

O nadador no mar secreto

William Kotzwinkle


O nadador no mar secreto

Johnny e Diane Laski esperan o seu primeiro fillo nunha recuada localidade do Canadá. Porén, todo se complica ao chegaren á sala de partos. Este breve libro conta a historia dun difícil nacemento dende o punto de vista do pai, quen narra con naturalidade os sentimentos que esperta a chegada dunha nova vida e a delgada liña que separa a vida da morte. En tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-19795-84-7
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



George Sand (Amantine Aurore Dupin)


Indiana

Indiana (París, 1832) é a primeira novela que Amantine Aurore Dupin escribe baixo o pseudónimo de George Sand, onde denuncia as condicións de vida das mulleres casadas en Francia na primeira metade do século XIX. Á parte de cuestionar o modelo do matrimonio e explorar os temas do amor, a liberdade e a emancipación feminina, George Sand retrata o contexto histórico e político da convulsa Francia do momento, que combina cunha intriga sentimental. O seu estilo recorre a unha linguaxe poética na descrición das paisaxes e as emocións, ademais de dotar os personaxes de gran profundidade psicolóxica.

Galaxia Rústica
15 x 22 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-1176-417-9
22,23 €

BANDA DESEÑADA




Marcel Schwob

O libro de Monelle

Malia ser un dos grandes entre os mestres da narrativa moderna e contemporánea, o escritor, ensaísta, crítico e tradutor francés Marcel Schwob (1867-1905), asociado co simbolismo, segue a ser moi descoñecido. No ano 1891 Marcel coñeceu a Louise, unha obreira e prostituta de vinte e tres anos que morrería dous anos despois por mor da tuberculose. O pasamento do seu amor sumiu a Schwob na absoluta desesperación, e, secasí, foi quen de sublimar a vida daquela «muller-nena» transformándoa na protagonista de *O libro de Monelle*, unha obra que ata o de agora nunca vira a luz en galego. En tradución de Xoán Abeleira.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-10324-50-3
17 €




Rosalía de Castro

Ruínas

A novela, publicada inicialmente por entregas no periódico progresista *El Museo Universal*, reflicte en espello tres arquetipos da sociedade do Antigo Réxime que, ante a chegada dos novos tempos e a preponderancia da burguesía adifneirada, representan o esmorecemento dos xeitos de vida e da escala de valores de épocas pretéritas. Traducida ao galego por Amancio Liñares Giraut e María Rey Rey.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-10324-52-7
17 €




Frederik Peeters

Pílulas azuis

Frederik e Cati, unha moza seropositiva, igual que o seu fillo de tres anos, coñécense e comezan unha relación. Ao fío de varios episodios vividos pola parella, Peeters reflexiona a respecto do VIH e de como este virus condicionará a súa relación con Cati, ao tempo que ilustra as dúbidas, os medos e os sonhos de futuro de ambos. O autor aborda de forma moi natural temas tan universais como o amor, a paternidade ou a vida e a morte. Sen caer no sensacionalismo, máis ben dende unha visión positiva e con pequenas doses de humor, esta historia achega ao día a día dunha enfermidade rodeada con tantos prexuízos.

Rinoceronte Rústica
17 x 24 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-19795-83-0
19 €



Joe Sacco

Guerra en Gaza

Joe Sacco é coñecido como un inquebrantable cronista da inxustiza inflixida sobre o pobo palestino (*Palestina*, 1993; *Notas a pé de Gaza*, 2010). Continúa a súa misión con *Guerra en Gaza*, un conxunto de comentarios gráficos sobre o masacre israelí que comezou hai máis dun ano e continúa sen descanso ata hoxe. Publicado por entregas na páxina web do *Comics Journal*. Unha serie de cómics e ilustracións que mostran a núa inmoralidade da guerra. Empregando a honestidade, a compaixón e o humor negro, *Guerra en Gaza* achega unha crítica inflexible ao xenocidio israelí e á complicidade do presidente Joe Biden. Traducido por Clara Barcia González.


Rinoceronte Rústica
17 x 23 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-19795-81-6
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Contos adaptados á lectura fácil

A editorial Bululú comeza unha nova colección de algúns dos seus títulos máis queridos adaptados a lectura fácil, seguindo as pautas da norma UNE 153101 EX.



Susana Peix Xa vooooou!



Suit é un peixe pequeno coma calquera outro. Vive no fondo do Océano e nada moi rápido, pero ten un pequeno problema: é moi despistado. Cando lle piden que faga algo sempre responde: Xa vooooou! Pero entretense e esquéceno. Todos os días da semana alguén se enfada con el polo seu erro, ata que Dora, a súa mellor amiga, decide darlle un caderno para anotalo todo e lembrar. Con ilustracións de Romina Martí. A tradución é de Maruxa Zaera Landeira.

Bululú Rústica 21 x 30 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-10049-35-2

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



José Carlos Román Coidado coa charca!



Esta charca é un sitio singular, aos animais do bosque gústalles moito pero nela ocorre algo singular: un, dous, tres... plof! A abella, a mosca, a xoaniña, o caracol, o coello, o ourizo e ata un elefante desfilan por este divertido conto que se desenvolve cunha estrutura acumulativa-repetitiva. Unha aventura que fará rir e gozar aos pequenos, atraídos polo dinamismo, colorido e expresividade das ilustracións e sorprenderá tamén aos adultos polo seu final. As ilustracións son de Emilio Urberuaga e a tradución, de Maruxa Zaera Landeira.

Bululú Rústica 21 x 30 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-10049-36-9

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Alicia Suárez Nicolás vai á biblioteca



Un novo título en galego da colección Makakiños «Día a día», adaptado ao sistema SPC de pictogramas, no que se pode visitar unha biblioteca inclusiva da man de Nicolás. A colección Makakiños é unha iniciativa de Kalandraka en colaboración coa Asociación Baión de Tratamento do Autismo (BATA) para achegar a lectura a persoas con necesidades de apoio educativo e facilitar a inclusión de todas e todos. Nicolás vai á biblioteca amosa as múltiples posibilidades que ofrecen estes espazos e os diferentes materiais que están a disposición do público, ademais de mostrar como funciona o servizo de préstamo. De tons alegres e luminosos, as ilustracións de Alicia Suárez destacan polo seu carácter lúdico e a expresividade dos personaxes; son claras, perfectamente asociadas ao texto e nas que se aprecian ata os máis pequenos detalles para facilitar a súa comprensión. En tradución de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 26 x 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-335-6

15,20 €



Nadia Budde A banda que ninguén coñece

Un álbum divertido e gamberro ideal para compartir con prelectores e primeiros lectores. Uns estraños personaxes chegan nunha furgoneta. O primeiro ten mirada de moucho, o segundo perruca de la, o terceiro gorro de gala e a cuarta unha voz sorprendente. Ante a mirada atónita dos habitantes do lugar, despregan os seus misteriosos artefactos e comezan a tocar. Sons estridentes, compases atolados, moi pouco afinados, con voces sen alento. Unha nova proposta da ilustradora alemá Nadia Budde repleta de situacións disparatadas, xogos de palabras e rimas delirantes para imaxinar a historia dun particular grupo de rock: A banda que ninguén coñece. Un álbum diferente, protagonizado por personaxes argalleiros, do máis diverso e disparatado, en tradución de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 26 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-376-9

15,20 €



Antoinette Portis Non é unha caixa, é unha cidade

Tras Non é unha caixa, chega este outro álbum de Antoinette Portis sobre o valor da creatividade, a colaboración e o traballo en equipo. O pequeno coello quiere construír unha cidade de cartón. Amorea unha caixa enriba doutra e non quere axuda de ninguén: nin da alta xirafa nin das pequenas e fortes formigas, nin sequera do camaleón, excelente pintor. As imaxes de Antoinette Portis, compostas por figuras debuxadas a man e anacos de caixas recicladas de diversos tamaños, están cheas de detalles: edificios de equilibrios imposibles, ringleiras de pequenas formigas que transportan caldeiros de pintura, rechamantes cores a medida que o cartón se pinta, se corta e se pega formando un divertido conxunto urbano... En tradución de Chema Heras e Pilar Martínez.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-368-4

14 €




David Hernández Sevillano A miña mascota e mais eu

Unha entrañable historia de amizade entre un can e un neno vista dende outra perspectiva. Ter unha mascota é unha experiencia enriquecedora, pero coidar dela non é unha tarefa doada. Fan falla altas doses de cariño e empatía, aínda que tamén de moita paciencia. Este álbum narra con humor e ironía a relación de amizade entre Coco e a súa "mascota" dende un punto de vista diferente, nun día repleto de aventuras, xogos e complicidades. As ilustracións minimalistas de Alejandra Estrada complementan o texto acentuando este xogo de roles entre os dous protagonistas. Utiliza trazos áxiles e dinámicos marcando a xestualidade e a expresividade corporal de ambos. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-372-1

14 €



Javier García Galdo

Un mar de preguntas

Para que serve unha balea? Canta forza ten o mar? Cantas especies habitan os océanos? Porque soben e baixan as mareas? Estas son só algunhas das moitas preguntas que teñen resposta neste libro sobre o mundo mariño, con ilustracións que espertarán a imaxinación, e explicacións claras e sorprendentes baseadas no rigor da ciencia e do que hoxe se coñece do mar.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-1176-404-9

19 €



Milja Praagman

Tesouro

Chispeantes debuxos e poemas de Milja Praagman. Poemas acerca de ti, acerca dese instante único, de pelexas e barullo, dunha nena na avoa e dunha avoa nena. Unhas veces etéreos e outras realistas. Cheos de curiosidade polo mundo e marabillosamente ilustrados. Para todas as idades

Hércules Cartonado 16,5 x 24 cm 48 páxinas


ISBN: 978-84-19754-96-7

16,15 €

En castelán:

Tesoro

ISBN: 978-84-19754-95-0



Enid Blyton

Contos ás oito

Cadeas de favores que acaban con premio e merendas máxicas que terminan en catástrofe, bonequiñas agradecidas e burros ingratos, hospitais para xoguetes e meigas menciñeiras. Nestas historias nunca se sabe que parte é imaxinaria e que parte é real. O único seguro é que con elas é posible pasalo de fábula e descubrir máis dun segredo ben gardado. En tradución de Eva Almazán.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-16884-96-4

15 €

As aventuras de Amelia Fang por Laura Ellen Anderson



Amelia Fang e os tesouros perdidos dos yetis

Amelia e os seus mellores amigos celebran unha noite de anos moi especial cun superfestón nas profundidades da Montaña dos Yetis. Mais cando empezan a faltar tesouros e as fosas comezan a esboroarse, Amelia ten que descubrir o que ocorre, antes de que sexa tarde. En tradución de Eva Almazán.

Sushi Rústica 13 x 19 cm 242 páxinas

ISBN: 978-84-16884-98-8

15,50 €



TÍTULOS ANTERIORES

Amelia Fang e o baile barbárico

Sushi Rústica 13 x 19 cm 226 páxinas

ISBN: 978-84-16884-27-8

15,50 €

Amelia Fang e os señores unicornios

Sushi Rústica 13 x 19 cm 238 páxinas

ISBN: 978-84-16884-28-5

15,50 €

Amelia Fang e o ladrón de lembranzas

Sushi Rústica 13 x 19 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-16884-75-9


15,50 €

Amelia Fang e as vacacións de media lúa

Sushi Rústica 13 x 19 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-16884-76-6

15,50 €



Estefanía Padullés

A egua de Breogán

Conta a lenda que foi o rei Breogán quen uniu as tribos celtas e as asentou ao redor da torre de Brigantia para fundar a nación galega. Pero nada se sabe da súa egua. Este libro descubre a historia dese animal sagrado que transformou a Breogán en heroe e que, de cando en vez, aínda hoxe en día se pode escoitar galopando entre os vellos bosques.

Hércules Cartonado
22 x 30 cm 40 páxinas


ISBN: 978-84-19754-92-9

15,20 €

En castelán:

La yegua de Breogán

ISBN: 978-84-19754-91-2



Aurora Corbacho

Joe e Fonte múdanse a Mondariz Balneario

A chegada da autora á vila de Mondariz Balneario procedente da cidade marcou un antes e un despois na súa vida. Froito desa experiencia e do seu amor polos animais, xorde este libro no que fala do encanto da localidade, a súa apaixonante historia e o importante patrimonio. O ilustrador Chimay dota de vida cada unha das escenas da historia protagonizada tamén polos dous gatos que conviven coa autora.

Medulia Rústica
10 x 21 cm 46 páxinas

ISBN: 978-84-10324-54-1

14,90 €



A Gramola Gominola

Bravas. O rexurdir da luz!

A Gramola Gominola conta a ritmo de rock & roll como enfrontarse ao abuso escolar, defender a lingua, protexer a natureza e visibilizar as emocións. Mulleres bravas que inspiran e dan luz ao mundo! As ilustracións son de Iago Araújo.

Galaxia Cartonado
24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-1176-408-7

17,57 €



Óscar Reboiras Loureiro

Cando o mundo é azul

Nuno vive coa súa nai. Encántalle pintar e ler. Enche centos de follas cos seus debuxos, e sempre usa a mesma cor, o azul. Un día aparece na casa un home grande e inchado coma os globos das festas. É o seu avó, que vai vivir con eles. Nuno non sabe moi ben para que serven os avós, pero si ten curiosidade por coñecer como funciona o obxecto máxico que trae na súa equipaxe.

Galaxia Rústica
12 x 20 cm 114 páxinas

ISBN: 978-84-1176-410-0

13,50 €



Pere Tobaruela

Formig4s misión Samain

Formos4, Forx4n, Formel4 e Form4il son os catro integrantes das Formig4s, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. En *Misión Samain* entran no Alén tras os pasos dun enigmático escaravello branco. Ali atópanse coa Santa Compañía e outros personaxes estraños. Nesta estarecedora aventura no universo das tebras, o doutor Paumao pon a proba de novo a brigada especial.

Xerais Rústica
14 x 20 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-698-6

13,50 €



Elena Osés


O misterio de Xacarandá

Quen lle ía dicir a Mel que mudarse ao vello casarón da praia se convertería nunha aventura fantástica. Após a morte da súa nai, os catro irmáns e mais o seu pai abandonan a cidade para ir vivir no abandonado fogar da familia na aldea de Oires. As súas preocupacións centrábanse en reformar o casarón, reabrir a vella panadería e adaptarse ao peculiar estilo de vida dos seus veciños. Até que unha misteriosa rapaza co pelo da cor do mar comezou a aparecerseles nas noites de treboada. As ilustracións son de Eva Agra.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-10049-32-1

12,50 €



Katixa Agirre


Amaia Lapitz e o sartego da raíña vermella

Amaia Lapitz é unha rapaza moi curiosa e algo testana que acompaña a súa nai, unha das arqueólogas máis importantes do mundo, a Yucatán, México, para investigar os segredos das ruínas maias. Pero os misterios do pasado e as inxustizas do presente enredaran nunha serie de aventuras que porán en risco a súa vida e para as que necesitará todas as súas forzas e toda a súa intelixencia. As ilustracións son de Miguel Robledo.

Aira Cartonado
13 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 979-13-990546-1-3

15,20 €



Mike Barfield e Paula Bossio

A salvaxe vida dos dinosauros e outros animais prehistóricos

Unha viaxe chea de cor e diversión para tentar coñecer os incríbles animais e os xigantescos dinosauros que deambulaban polo planeta millóns de anos antes de que aparecesen os humanos.

Aira Rústica
21,5 x 28 cm 96 páxinas

ISBN: 979-13-990546-0-6

18,95 €

José Luis Baños de Cos



A letra pequena das cousas


Carlos entra nunha tenda de roupa dunha multinacional para mercar unha camiseta. Na etiqueta atopa unha misteriosa mensaxe cosida. Seguindo as súas puntadas, e coa axuda de Sofía, dependenta da tenda, descubrirá a vida de Salma, unha cativa que traballa nunha fábrica téxtil dun afastado país. Ilustrado por Ana Tasende.

Galaxia Rústica
13 x 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-467-4


12,40 €

PREMIO DE
TEXTOS TEATRAIS
INFANTIL MORALES
MARTÍNEZ 2024



12↑

Marcos Calveiro




Agora que vén a noite

Zoe, tras un grave incidente no instituto, ten que comparecer ante a Fiscalía de Menores. Mentres o futuro da filla non se resolve, a súa nai decide enviala a Vilavedra, unha afastada aldea onde pasará o verán con Primitiva, a madriña da súa nai, unha vella desaborida á que a moza nin estima nin coñece. Zoe madurará e irá descubrindo pouco a pouco como asumir as consecuencias dos seus actos. Coñecerá tamén a Roi, un mozo moi distinto a ela, e xuntos desentrañarán o misterio que envolve o pasado de Primitiva, que se agocha tras dun mangado de cartas e unha pandeireta. *Agora que vén a noite* vai construíndo, elo a elo, unha cadea que une o presente coa tradición.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 114 páxinas

ISBN: 978-84-1176-468-1

14,50 €



BANDA DESEÑADA




Alice Oseman Heartstopper 4

O Charlie nunca pensou que el tamén lle puidese gustar ao Nick, mais agora son mozos oficialmente. O Charlie comeza a sentirse preparado para dicirlle esa palabra: quérote. O Nick sente o mesmo, mais anda con moitas cousas na cabeza: entre elas, saír do armario co seu pai e a posibilidade de que o Charlie teña un trastorno da conduta alimentaria. Un novo curso comeza e ambos están a piques de aprender moito sobre o significado do amor.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 384 páxinas

ISBN: 978-84-1110-664-1

15,15 €



Andrés Castro, Ozo Perozo e Alexandre Senande


Sentinelas no limiar das tebras

Lara, Sabela e Xurxo descubren que foi Cinza, o boticario, quen secuestrou o seu amigo Lois. Pero non sospeitan que, se non actúan axiña, Lois formará parte do menú que precisa a moura Xerpa para recuperar o seu poder.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1176-389-9

15,40 €



Pablo José González Rodríguez e Alexandre Senande Díaz


Historias do Páramo

Cairo é unha candorça vagabunda que vive nun páramo abatido pola violencia de bandidos, bestas e señores da guerra sedentos de poder. Outros moradores fan o que poden para saír adiante neste mundo inhóspito e perigoso. A súa turbulenta vida dará un xiro no momento en que adopta unha peculiar rapaza que atopa tras unha escaramuza.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-1176-407-0

15,40 €



Guadalupe Vázquez Formoso A voz silenciada

«Chámome Felisa e, aínda que por fóra me vexas sorrindo e ata rir ás veces –non en van me chamaban de nena 'Felisa a felis', co seño noso de Carnota–, a procesión vai por dentro. Cal é a miña historia?». A voz silenciada nace como un intento de dar visibilidade ao maltrato doméstico e de sensibilizar á sociedade.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-129628-4-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



PREMIO
VICTORIANO
TAIBO 2024

Antón Blanco Casás

Bosque


En *Bosque*, o poema revela un mundo se cadra anterior, mais tamén atemporal. Sinala os movementos e as articulacións do que é natural; e reclámaas para si coma linguaxe. A través de recursos como a polifonía e a partición, o espazo ou o poema, sóñase concéntrico, circula: ábrese.

Galaxia Rústica 16 x 22 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-1176-414-8

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



XIII CERTAME DE
POESÍA XOSÉ M.
LÓPEZ ARDEIRO

Lupe Gómez


A pintora. Caixóns de auga malva

O libro forma parte dun amplo proxecto no que Lupe Gómez traballou durante os últimos cinco anos. Son seis poemarios que recollen, investigan e aloumiñan a memoria de veciñas súas das terras de Fisteus. Mulleres que xa morreron ou que permanecen vivas. Nesta última obra a autora viaxa no barco do futuro para desembarcar nos veráns da súa infancia, cando nos anos oitenta via algunhas veces á pintora María Antonia Dans na vila de Curtis. A nena que sentía fascinación ante os resplandores que se debuxaban como feiras de verzas e repolos na presenza da pintora, volve agora entrar na casa-museo para xogar coas emocións intactas das cores, das pinceladas, dos xestos.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-10324-62-6

14,90 €



Manuel Vázquez

Maldita eternidade

A poesía intenta habitar a realidade que contextualiza a vida de colectivos marxinais e persoas golpeadas pola vida. Unha inmigrante ilegal paga con sexo unha cama quente nun piso de Madrid. Uns vagabundos xúntanse para beber ao carón da praza de abastos en Lugo. Un home está desolado pola perda da muller amada. Neste idilio occidental, os poemas, coa axuda dun fio condutor, levan o lector ata o desenlace. E cada novo día comeza unha quenda de traballo no primeiro mundo.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 94 páxinas

ISBN: 978-84-10324-57-2

14,90 €



David Otero Fernández

Conecta co íntimo

«Non camiñemos levados polos silencios. Aflore-mos os desexos ocultos. Fagamos vida da vida (e para ela). Recuperemos nos versos, se for o caso, e pola lectura, máis fios para nos encantamentos obrar de mellor gusto. Velaí este *Conecta co íntimo*, poesía que volve, palabra a camiñar, un anaco de relación diso (e niso) que chamamos vida.» Texto do autor.

Laióvento Rústica
14 x 21 cm 82 páxinas

ISBN: 978-84-8487-731-8

14,95 €



**Manuel Cabada
Fran Alonso**

Véndoche un poema

A omnipresente publicidade invade as vidas de todas e todos. O que pode sorprendere é que a publicidade bota man constantemente de moitos recursos propios da poesía. Ás veces, mesmo emprega a propia poesía para dirixirse aos clientes potenciais e tratar de convencelos. A partir da relación entre poesía e publicidade, Fran Alonso convida a explorar esa conexión amigable e contraditoria, interesada e diverxente, para ofrecer un libro de poemas directos, incisivos e críticos.

Xerais Rústica
14 x 21,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-683-2

13,50 €




**As poetas da colección
Salnés**

En 1961 a editorial creou unha colección de poesía en lingua galega, a colección Salnés. Nela publicaron as poetas escolmadas para a presente edición pola profesora Patricia Arias Chachero, responsable tamén do limiar. Todas de procedencias e estilos moi variados, son, María do Carme Kruckenberg, Pura Vázquez, María Manuela Couto Viana e Anne Marie Morris, dúas poetas alófonas. A elas súmase Xohana Torres, que se inclúe nesta antoloxía porque é a primeira muller en publicar en Galaxia e porque tivo intención de acometelo en Salnés, malia non facelo.

Galaxia Rústica
15 x 22 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1176-381-3

17,57 €



Raúl Herrera

Pluma enloitada


«Libro de poemas onde se mesturan o home, a muller e a beleza da natureza. É unha poesía sensual e erótica que pretende achegarse á xente lectora dende a perspectiva dun estilo de vida bohemia onde prevalece o gozo da sinxeleza da propia natureza, a arte como expresión sandadora e o desexo e a forza de conservación da cultura tradicional da Galicia», di o texto da editora. Raúl Herrera elabora unha sinfonía de poemas que, en harmonía co entorno, «crea o son hipnótico dun mar de soidade, onde as ondas e a liña do horizonte son os versos na voz de quen, con calma pracenteira, se enfronte á lectura deste libro que procura ser viaxe e acto poético de resistencia dunha xeración contra as convencións da sociedade actual».

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 52 páxinas

ISBN: 979-13-990202-6-7

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Cántigas populares

A finais da década de 1970, Dorothé Schubarth e Antón Santamarina percorreron Galicia para recoller os cantares populares de tradición oral da boca dos seus intérpretes. Reuníronse nos sete volumes do *Cancioneiro popular galego*, o repertorio máis extenso da música popular de tradición oral galega, de onde se escolmaron estas *Cántigas populares*, agrupadas por xéneros e tipos; unha abundante colleita que vén enriquecer a tradición cultural.

Galaxia Rústica 16 x 20 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-1176-413-1

17,10 €



Marcos Calveiro e Alberto Gil
Cantigueiro de Compostela

Este *Cantigueiro de Compostela* está conformado por dous grupos ben diferentes de cantigas: por unha banda as recollidas en Santiago de Compostela, especialmente no lugar de Folgoso, na parroquia de Santa María de Figueiras, e, pola outra, aquelas onde se menciona á cidade, o seu santo, os seus mosteiros, de San Martiño a San Francisco, e algunhas das rúas máis senlleiras, do Vilar á Calderería, ou lugares, como Conxo e o Pico Sacro, o monte Illicinus do Códice calixtino, desde onde os peregrinos ven por vez primeira as ansiadas torres da catedral. «Quen hoxe paseamos e volvemos pasear polas súas rúas lousadas quedamos prendidos de Santiago, como o fixeron quen moito antes nos precederon e o cantaron, como demostran o monllo de cantigas que seguen», din os escolmadores.

Galaxia Cartonado 15,5 x 16cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-412-4

16,62 €



Xosé Manuel Sánchez Rei e Leticia Eirín

Por que non hei de cantar?

Con motivo do Día das Letras Galegas de 2025, con esta obra a Universidade da Coruña quere render homenaxe a todas as mulleres que conservaron e transmitiron o seu saber a través das cantigas. Preséntase unha escolma de cantares provenientes de áreas en que, máis dun século despois, se asentarian os campus da Coruña e de Ferrol. A UDC contribúe, así, en dar a coñecer un patrimonio inmaterial con escasas equivalencias noutras partes de Europa, ao mesmo tempo que reivindica o papel das mulleres na creación e transmisión dese importante legado cultural e literario.

UDC Rústica 14,5 x 20cm 75 páxinas

ISBN: 978-84-9749-901-9

12 €

Á venda só en pedido por importe superior a 12 €



Rodrigo Vázquez García

O estudo da música a través da cultura popular galega


Unha achega didáctica ao folclore musical en Galicia

Proposta de carácter didáctico-pedagóxico para o aproveitamento do material etnomusical derivado da investigación musicolóxica galega, «feito que ligamos ao desexo de darlle continuidade a un primeiro volume sobre o estudo da música tradicional: *A tradición oral na comarca da Ulloa*», obra tamén publicada pola Deputación de Lugo. O violinista e docente Rodrigo Vázquez concibe a música tradicional en Educación Secundaria en función dunha perspectiva programada didacticamente que á súa vez se segmenta en diversas unidades.

Dep. Lugo Rústica
17 x 24 cm 218 páxinas

ISBN: 978-848192-609-5

17,10 €



José Manuel Fernández Pensado


As vellas de Mens

José Manuel Fernández Pensado (Manel de Aturuxo) achega un relato de primeira man das «Vellas de Mens» dende a perspectiva de quen as viu aparecer en 1972 e coas que conviviu artisticamente durante vinte anos, compartindo infinidade de vivencias con elas e as súas familias. Detalla como foi posible que unhas mulleres labregas xa maiores se integrasen nunha agrupación folclórica por espazo de tanto tempo; quen eran, cal era a súa contorna, os seus devesos e o que significaron para o eido folclórico galego. O seu legado. Prólogo de Xosé Manuel Varela Varela e epílogo de Felipe-Senén López Gómez.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 214 páxinas

ISBN: 978-84-1176-394-3

14,50 €



Moisés Quintas e Victoria Pérez


Os xéneros musicais tradicionais e populares galegos

Consta de dúas partes complementarias. Por unha banda, un texto onde quedan clasificados de xeito didáctico os xéneros cantados, instrumentais, bailados e danzados, afondando nas súas características, momento da interpretación, finalidade... E por outra parte, un CD con 31 melodías. Unha viaxe no tempo para sentir o alalá na voz cálida de Uxía, a imponente voz de Xisco Feijóo, o angustioso canto de cego ao son da zanfona na profunda voz de Tino Baz, ou mesmo melodías de gaita inéditas do gaitero Libardón, escoitadas na montaña de Lobeira.

Hércules Cartonado
16,5 x 24 cm 296 páxinas

ISBN: 978-84-19754-86-8

33,25 €



Manuel Ferreiro (Coord.)

Universo cantigas. 01


Cantigas de amor

Volume co que se inicia a publicación en formato libro do conxunto da lírica profana galego-portuguesa. Este primeiro volume recolle a edición das 704 cantigas de amor transmitidas polos cancioneros medievais. O texto (crítico) de cada cantiga vai acompañado dunha paráfrase en galego actual, para alén da indicación das fontes manuscritas, das edicións anteriores existentes e dun QR que liga cada poema á edición completa en *Universo Cantigas* na Internet. Volume coordinado por Manuel Ferreiro, canda Mariña Arbor Aldea, Bieito Arias Freixedo e Leticia Eirín.

UDC Rústica
20 x 27 cm 911 páxinas

ISBN: 978-84-9749-892-0

45,60 €



Héitor Mera


Todo é poesía salvo algunha cousa

Escolma do labor crítico de Héitor Mera na segunda xeira no suplemento *Faro da Cultura*, un labor que exerce «con sinceridade e valentía». As súas críticas «rigorosas, centradas no texto, e non en cuestións externas» tratan da literatura galega actual, especialmente de poesía.

Morgante Rústica 13,5 x 21,5 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-19040-51-0

16,15 €



Henrique Egea Lapina

As historias que nos cont(ar)am


Na Galiza... e em Portugal

«A maioría de nós acredita que a historiografía nasca da análise do pasado, baseada nos datos dispoñíbeis. Mas a historiografía, e nomeadamente a destinada á divulgación, costuma ser a expresión, mais ou menos evidente, da ideoloxía e do contexto do autor, non o resultado aséptico da análise científica. Nos países sem estado, a tónica xeral é o silencio ou, no melhor dos casos, a historia costuma estar submetida á interpretación doutros, moldada ao discurso oficial. O caso galego é paradigmático duma historiografía submetida a um projeto alheio que nos nega. Os silencios intereseiros, as medias-verdades e as mentiras no relato, desarticulado, da nosa historia vém de longe, como a leitora poderá ver neste libro. O autor é licenciado em Filologia Clássica pola Universidade de Compostela, foi profesor de Língua em Ponte Vedra durante mais de 30 anos».

Através Capa mole 16 x 24 cm 212 páxinas

ISBN: 978-84-10491-03-8

17,10 €



Xesús Alonso Montero e Xosé Neira Vilas


Correspondencia. 1965-2014

A través destas cartas entre Xesús Alonso Montero e Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, cheas de erudición lingüística, ofrécense unha mostra da intensa relación que houbo entre eles. Son de especial interese as redactadas por Neira Vilas dende A Habana, complementarias de conversas persoais entre os dous autores. Amósase moito do pensamento de Neira sobre o marxismo e a revolución cubana, así como a súa achega á galeguidade na illa caribeña.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 774 páxinas

ISBN: 978-84-1176-406-3

33,25 €



Alba Díaz-Geada

Mudar en común: Galiza 1959-1982


Unha análise sociohistórica dos cambios no rural galego

Este traballo propón repensar o proceso de baleirado e transformación do rural galego que comezou no século pasado. «Desde outro lugar. Son os labregos vítimas ou verdugos? Heroes ou superviventes? Quen son «os labregos»? Que poden facer? Que fan? É o final da sociedade rural ou a súa reinvención? Vámonos repensar un proceso aínda vivo e fundamental para comprendermos o mundo no que vivimos», di a autora.

Dep. Lugo Rústica 20 x 26,5 cm 538 páxinas

ISBN: 978-848192-608-8

30,40 €



David Gesteira


A historia de Galicia en 30 obxectos

Disque os obxectos son quen de gardar o pasado e mantelo vivo. Polas páxinas desta obra do historiador David Gesteira pasan libros prodixiosos, ferramentas do pasado, edificacións senlleiras e multitude de historias. A obra permite coñecer como elementos tan cotiáns coma unha campá, un carro, unha moeda ou un reloxo comunican coa historia de Galicia.

Aira Rústica 17 x 24 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-129879-7-3

18,95 €



Miguel A. Bastos

O pequeno é possível


Como o tamaño define o futuro de una nación

Muitos problemas políticos têm origem numa escala inadequada de organización do poder, e as vantagens que dimensões mais modestas poderiam ofrecer nunca são consideradas. Além disso a cuestión da dimensão deve ser avaliada pelo bem-estar dos individuos e das comunidades, e não pelos intereses dos grandes grupos de poder que normalmente dirigen as nossas sociedades. Uma vez desintegradas as unidades políticas, é muito raro que estas queiram regresar ao modelo antigo ou que iniciem procesos para o fazer. Porquê? Concluimos o libro debruçando-nos brevemente sobre a viabilidade de uma Galiza independente.

Através Capa mole 16 x 24 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-10491-01-4


15,20 €



José Carlos Bermejo Barrera
As guerras
 Entre a retórica e a violencia

A guerra, omnipresente na historia desde Heródoto e Tucídides, foi reivindicada pola historiografía occidental do século XIX, que vía en Grecia e Roma o berce dun «modelo occidental» da guerra. Este libro analiza como se «racionaliza» a guerra, defendendo a existencia dunha vinculación íntima entre a estratexia militar, a democracia, a economía e o desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, elementos todos eles que terían o seu nacemento na Grecia antiga e que posteriormente serían a columna vertebral do estado-nación. O autor analiza a «guerra vivida», non só a pensada, na perspectiva que defendía Luciano de Samosata no século II da nosa era, cando dicía que o historiador debe ter a capacidade de dicir a verdade, querer contala e non facerlle as beiras aos poderosos.


Laiovento Rústica 14 x 21 cm 204 páxinas
 ISBN: 978-84-8487-727-1
 18,95 €



João Aveledo
As historias da Galiza natural

É este un libro feito con mimo, armado devagar durante uma vida inteira de caminadas «das ribeiras do Návía às do Douro, da Costa da Morte aos Montes de Leão», por «terras mornas e húmidas», «entre granitos e xistos». É uma caixa em que o autor foi guardando, nas suas excursões e leituras, pedaços dos «bosques antigos e lendários», das «águas oceánicas, que no Aquém-Minho se adentram nos vales fluviais» e até mesmo de «reliquias de eras glaciais». Hoje recupera, desses vinte e cinco anos de trabalho, um total de 80 textos, publicados em diferentes meios de comunicação social galegos, arrumados por temáticas e acompanhados de vários índices onomásticos. Uma ferramenta incontornável para conhecer melhor «um variado território de características naturais peculiares»: um «país velho e suavemente ondulado» que se estende «por cima de estados, por cima de comunidades autónomas». O Maciço Galaico-Duriense. A Galiza Natural.


Através Capa mole 16 x 24 cm 216 páxinas
 ISBN: 978-84-10491-04-4
 16,62 €



Esperanza L. Mariño Davila
Fíos de transparencia acesa
 Narrativa, poesía e tradución en Xosé Manuel Beiras

Economista, profesor, político, músico, ensaísta, narrador e tradutor, a poliédrica figura de X. M. Beiras é referente imprescindible no contexto cultural e político galego que destaca por unha excepcional cultura humanística de raíz afrancesada. O presente ensaio aspira a ofrecer unha visión integral dunha parte da súa próspera faceta literaria, desde os primeiros textos adolescentes da revista *Vamos* e a intensa pegada das estadias parisiñas. Así mesmo, preséntase unha breve historia da súa tradución ao galego: a letra de sobranceira canción *Venceremos nós*; *Os xustos* (1985); *Calígula* (1992); *Catro cartas a un amigo alemán e outros textos* (2018) e *A desfeita* (2019) de Camus; *Antígona* (1967) de Anouilh; *As moscas* (2008) de Sartre; *Adolphe* (2020) de B. Constant e *Espertemos!* (2022) de E. Morin. Por último, o propio autor quixo autotraducirse mediante a *Exhortación a la desobediencia* (2015).


Laiovento Rústica 14 x 21 cm 240 páxinas
 ISBN: 978-84-8487-419-6
 18,95 €



Xosé de Cea
O que estou a dicir cando digo «Altri non»

Xosé de Cea, escritor con raíces palenses e melidao de padrón, aborda a problemática que se deriva do proxecto da multinacional portuguesa Altri e a galega Greenalia para construír en Palas de Rei a fábrica de celulosa soluble máis grande de Europa. Faino dende unha perspectiva radicalmente emocional e subxectiva. Tira de memoria, andainas, lecturas, sentimentos e intuición coa arela de tecer unha trama de reflexións arredor do que supón este proxecto empresarial para un habitante da Terra do Medio, ademais de tentar as actitudes que cómpre esgrimir para enfrontalo.


Laiovento Rústica 14 x 21 cm 96 páxinas
 ISBN: 978-84-8487-711-0
 14,95 €



Carmen V. Valiña
As tolas que non o eran
 Mulleres no manicomio de Conxo 1885-1936

Este é un libro sobre as que nunca importaron. As internas no manicomio de Conxo entre 1885 e 1936 tiñan todos os ingredientes que condenan a unha persoa á marxe: mulleres, aldeás, pobres, analfabetas, rebeldes. «En cada relato emerxe un escintileo que nos interpela: «Estou aquí e quero que me escoites», lembra a editora. É engade: «Todas elas regaláronnos a súa mirada a través das paredes do manicomio e as súas palabras para escoitar a voz das vencidas. Porque o que queda nas cunetas da historia merece ser contado».


Galaxia Rústica 15 x 23 cm 142 páxinas
 ISBN: 978-84-1176-409-4
 16,05 €



John L. Austin
Como facer cousas con palabras

Non é propiamente un libro de lingüística porque non se concentra na oración ou nalgún dos seus equivalentes actuais en uso (proposición, sentenza, cláusula, frase...). O seu obxectivo principal é a acción que se exerce a través da linguaxe, son os actos de fala. É unha visión filosófica da linguaxe. Austin inaugura para a filosofía e a ciencia da linguaxe un fértil ámbito de estudo no que se segue a debater sobre a mellor maneira de tratar a complexa relación entre as palabras e a acción. Prólogo de Antonio Blanco Salgueiro. En tradución de Benigno F. Salgado.


USC Rústica 17 x 24 cm 249 páxinas
 ISBN: 978-84-10142-42-8
 10 €
 Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Pilar Casal Valiño Ser humanos

